

DEFENSA DO DEREITO A UN TRABALLO DE CALIDADE

- Derogación das últimas reformas laborais.
- Incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio.
- Esixencia da redución da xornada laboral como medida de reparto do traballo.
- Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación.

Conclusións.

A CIG nin se resigna, nin espera que a solución á actual situación pola que está a pasar Galiza e as súas clases populares, veña da man de factores externos (institucionais, financeiros, políticos ou sindicais), por iso queremos aportar unha serie de propostas ou medidas que nos axuden a superar esta situación, convencidos como estamos de que só co rexurdir da conciencia nacional e de clase e da mobilización popular, seremos capaces de forzar o cambio económico e social necesario e modificar o status colonial que cumpre a nosa nación no Estado español e na Unión Europea,

Estas medidas que achegamos forman parte na súa maioría dun documento máis amplo elaborado pola C.I.G. (100 MEDIDAS PARA CREAR EMPREGO EN GALIZA) e que foi presentado ás administracións para o seu debate, levándose finalmente ao Parlamento de Galiza como Iniciativa Lexislativa Popular co respaldo de máis de 30.000 sinaturas.

Este amplo documento debatiuse pero foi rechazado pola VOTO EN CONTRA DO PARTIDO POPULAR, sen facer caso dos máis de 300.000 galegos e galegas que están no desemprego, das 100.000 familias que teñen a todos os seus integrantes no paro, dos 470.000 galegos e galegas que viven por debaixo do umbral da pobreza e dos máis de 100.000 mozos e mozas que tiveron que emigrar.

Polo emprego e salarios dignos

Por un porto de Marín-Pontevedra con futuro



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.gal



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.gal

Propostas para a creación de emprego na comarca de Pontevedra

O PORTO DE MARÍN-PONTEVEDRA é un elemento dinamizador de primeiro orde para a comarca de Pontevedra. Foi o seu primeiro “polígono industrial” e núcleo xenerador de emprego de maior importancia.

Nos últimos tempos e por causa de decisións da Unión Europea e dos gobernos do PP e do PSOE no estado, perdéronse moitos postos de traballo en actividades fundamentais para nós como eran a Pesca e o Sector Naval por exemplo: na pesca coa perda de cuotas e o nulo interes de Europa e de Madrid por chegar a acordos e continuar faenando nos caladoiros tradicionais; no Sector Naval primeiro a reconversión e nos últimos anos o ataque directo á industria naval galega (prohibición da financiación, Tax lease)

Exemplo de como ás decisións das distintas administracións, contrarias aos intereses da clase traballadora galega, o último caso á sentenza contra os recheos (todas ás administracións responsables gobernadas polo Pp: Deputación, Ministerio de Fomento, Portos do estado) supoñen unha situación de intranquilidade polos postos de traballo xa asentados no Porto de Marín.

Por estos motivos e seguros de que devolvéndolle ao Porto o dinamismo que tivo no pasado lograríamos a creación de novos postos de traballo e mellores salarios para Marín, Pontevedra e para toda a comarca en conxunto, facemos as seguintes propostas:

Sector pesqueiro

- Modernizar e impulsar os sistemas de transformación, comercialización e distribución dos produtos pesqueiros, xunto cun control eshaustivo das importacións que permitan unha identificación da orixe dos produtos.
- Esistencia ante a U.E. e o Estado Español do peche de acordos pesqueiros con terceiros países que non exclúan á flota pesqueira galega, así como a aplicación a Galiza da política de cotas e TAC impostas pola U.E.
- Exixencia de plena autonomía de Galiza para exercer as competencias en materia de pesca de baixura e marisqueo.

Sector naval

- Conformación dun holding con participación pública e privada no que participen asteleiros e empresas auxiliares.
- Fin da persecución por parte da U.E. á financiación pública para o sector.
- Posta en marcha da Lei do Sector naval aprobada no parlamento galego.
- Sector enerxético
- Implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, por iso, propomos unha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- Redución do precio da auga ás empresas ubicadas no Porto, evitando a “tarifa” que se lle paga á Autoridade Portuaria, polo seu papel de intermediario.

Sector comercio

- Campaña permanente, por parte da Xunta de Galiza sobre a necesidade de consumir produtos e servizos fabricados en galiza.
- Potenciar as empresas galegas de distribución, vinculándoas coa produción manufactureira local, as denominacións de orixe a identidade e a calidade do produto e a promoción do mercado interno.

Infraestruturas

- Reformulación do ente público, Portos de Galiza, para unha potenciación conxunta e real dos cinco portos principais (Marín, Vigo, A Coruña, Ferrol e Vilagarcía) para a captación de tránsitos no exterior, evitando a competencia entre eles.
- Aclaración sobre a situación na que se atopa o Porto de Marín tras as últimas sentencias nas que se declaran ilegais os recheos, esixindo que os culpables (Portos do estado, Ministerio de Fomento e Deputación de Pontevedra) den explicacións e busquen solucións que pasen sempre pola continuidade de todos os postos de traballo no porto de Marín. Evitando que grazas ao lucro cesante haxa empresas que se podan enriquecer e se perdan postos de traballo.